

Organismo: SECRETARÍA XERAL

### SUMARIO:

*Resolución do 30 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán a proba de acreditación do coñecemento do castelán e a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de mestres, profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia, polas que se anuncian a data, a hora e o lugar en que se farán as ditas probas.*

### TEXTO:

De acordo coa base común 8 das Ordes do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), polas que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de mestres e profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e da base común 7 da Orde de 9 de abril de 2008 (DOG do 17 de abril) de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia, estes tribunais, de conformidade coas instrucións da secretaría xeral, acordan o seguinte:

Primeiro.-A proba de acreditación do coñecemento do castelán, será cualificada polo tribunal nº 6 da especialidade de lingua castelá e literatura do corpo de profesores de ensino secundario e terá lugar, para tódolos corpos e especialidades, na data, hora e lugar que se sinala:

Data: 12 de xuño de 2008.

Hora: 17,00.

-Lugar:

IES As Fontiñas; R/ Estocolmo 5 – Santiago de Compostela.

Segundo.-A proba de acreditación do coñecemento da lingua galega, será cualificada polos tribunais nº 5 e nº 6 da especialidade de lingua galega e literatura do corpo de profesores de ensino secundario terá lugar na data, hora e lugares que se sinalan:

Data: 13 de xuño de 2008.

Hora: 17,00.

-Lugar:

IES As Fontiñas; R/ Estocolmo 5 – Santiago de Compostela (A Coruña).

Recórdase que, de conformidade coas ordes de 9 de abril de 2008, as probas valoraranse de "apto" ou "non apto" quedando excluídas do procedemento selectivo as persoas "non aptas". Finalizada a realización da proba, e unha vez avaliada, os tribunais farán públicas a valoración do persoal aspirante no taboleiro de anuncios do centro no que se realizou.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2008.  
Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria